

10.1.- D. VICTORINO PÉREZ PRIETO: "CON CORDAS DE TENRURA". EDIT. SEPT, 2000, 147 PAXS.

Volve ofrecernos unha nova aportación da súa cultura teolóxica e pastoral o noso compañeiro sacerdote Victorino Pérez Prieto, que ten xa unha longa lista de libros e artigos no seu itinerario persoal. Figuran entre eles: "A xeración Nós", "Galegos e cristiáns", "Do teu verdor cinguido", "Ecologismo y cristianismo".

Neste caso preséntanos cunha expresión fondamente bíblica -"con cordas de tenrura"- a súa experiencia espiritual, vivida persoalmente e compartida con outros, sobre o amor do Pai Deus, a seducción pola persoa e a palabra de Xesús, e a necesidade de verifica-la fe no camiño pobre cos pobres.

O libro está escrito -como dí na primeira sección- cunha "actitude receptiva, para escoitar e deixarse coller pola Palabra".

Acolle un certo esquema dos chamados Exercicios Espirituais, fundamentándose especialmente no estudio do Evanxelio, tal como propón a Escola do Prado, pero dándolle un acento e unhas resoancias que teñen moito de traballo persoal e de notable contacto cos mestres da teoloxía actual.

En calquera caso lese con grande proveito e con facil comprensión, deixando sempre esa peculiar inqueda por descubrir "suxestións para a oración persoal". Por todo iso é un bo compañeiro nos días de Retiro ou Exercicios espirituais que un queira vivir seguindo este itinerario.